



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS CONCERTOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Coral Casablanca o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a Fundación para levar a cabo un ciclo de varios concertos dentro do Xacobeo 2021-2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería e a Fundación teñen un interese común e coincidente en levar a cabo un ciclo de varios en concertos dentro do Xacobeo 2021-2022 e aproveitando o 65 aniversario da Coral Casablanca. Trátase da promoción de actuacións conxuntas que redundan na promoción de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2021-2022, a través da realización dun ciclo de concertos:

Lugares onde se celebrarán os concertos:





- Círculo de Belas Artes de Lugo.
- Igrexa San Martín Pinario, Santiago.
- Liceo de Ourense.
- Liceo Casino de Pontevedra.
- Estación Marítima de Vigo.

A Coral Casablanca é unha agrupación musical formada por máis de 130 voces, a máis laureada de Galicia. Os concertos que se realizarán estarán acompañados de piano e teclado. O número de persoas que participan nos concertos, entre voces e músicos, ascende a unhas 200 persoas, e interpretarán un repertorio amplo con temas de corte clásico, popular e tamén bandas sonoras de películas o que fai que se trate de concertos únicos.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

